

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2014

ASISTENTES	
GRUPO POLÍTICO	
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costa	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . María del Carmen Maya Santomé	PP
D ^a Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Manuel Eugenio Costa Diz	

En Moaña, o 30 de xullo de 2014, mércores, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. A concelleira Susana Varela Santiago incorporouse ás 20:15h.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

- 2º.- Resolúcións da Alcaldía
- 3º.- Dar conta do estado das xestións das mocións aprobadas no pleno anterior, segundo o Regulamento de Participación Veciñal
- 4º.- Dar conta de que no Diario Oficial de Galicia nº 94. con data 19/05/2014, publicouse o edito relativo a concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque. Durante o período comprendido entre o 20/05/2014 ata o 23/06/2014 non se presentou ningunha proposición
- 5º.- Aprobación, se procede, normas reguladoras da organización dos acollementos civís
- 6º.- Moción do grupo BNG sobre o xenocidio que o Estado de Israel está a cometer contra Palestina
- 7º.- Moción do grupo do PSDG-PSOE sobre o Sahara
- 8º.- Moción do BNG solicitando a comparecencia ante o Pleno da concelleira delegada de Facenda e Persoal
- 9º.- Renuncia da concelleira Mayka Maya Santomé
- 10º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 26 de xuño de 2014, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta. A concelleira Coral Ríos Santomé comenta que non asistiu ao Pleno anterior.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezaseis membros

presentes que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria da data 26 de xuño de 2014.

2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 236, do 25/06/2014, e a número 289, da data 28/07/2014.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

3º.- DAR CONTA DO ESTADO DAS XESTIÓNS DAS MOCIÓNS APROBADAS NO PLENO ANTERIOR, SEGUNDO O REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

➤ O Sr. Alcalde dá conta de reclamacións anteriores sobre mocións. Dá lectura a un escrito no que aclara onde se remiten as mocións.

“Acordos adoptados na sesión plenaria do 20 de maio de 2014

1º.- MOCIÓN DA AAVV DE TIRÁN SOBRE O PROXECTO DE TRAZADO E IMPACTO AMBIENTAL DAS VARIANTES DE CANGAS E MOAÑA

Remítiuse a:

ORGANISMO	DATA REMISION
<i>Sr. Conselleiro do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas – Santiago de Compostela</i>	<i>22/05/2014</i>
<i>AA.VV. de Tirán, remítiuse certificación do acordo plenario para a súa remisión pola súa parte a Xunta de Galicia</i>	<i>21/05/14</i>

➤ Dona Marta Freire comenta que como sucedeu no pleno anterior o punto volve estar mal posto na orde do día, o regulamento non falaba das mocións aprobadas no pleno anterior. senón as aprobadas no pleno anterior ou as do ano pasado. Que se revise a modificación do regulamento, non se está a facer unha aplicación correcta. Non só hai que dar conta das mocións dos grupos políticos senón tamén das mocións dos colectivos.

➤ O Sr. Alcalde manifesta que consultará co secretario.

➤ Un veciño corrobora o dito pola concelleira, hai que especificar a que mocións se refire, sendo tamén de grupos políticos e colectivos.

➤ O Sr. Alcalde pide que se solicite por escrito se se quere tratar de mocións do ano anterior. Da moción da AVV Tirán, segundo o proxecto ambiental enviado o vinte e dous de maio de dous mil catorce polo Concello e certificando acordo plenario que aínda non contestaron. Solicitouse entrevista coa concelleira para agosto.

➤ O veciño di que quere que sen esperar ao pleno se lles comunique o que se avance.

➤ Don Odilo Barreiro pregunta cando se vai empezar a repartir alimentos aos beneficiarios da Risga.

➤ Dona Marta Freire di que non só se atenderan aos nenos beneficiarios da Risga, senón a

todos aqueles que o necesiten, e que non cerren no verán por vacacións.

- O Sr. Alcalde informa de que se vai a intentar axudar a todos os nenos que o necesiten, empezarse a repartir na próxima semana.

Neste punto incorpórase a concelleira Susana Varela Santiago, ás 20:15 horas.

4º.- DAR CONTA QUE NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA Nº 94 CON DATA 19/05/2014, PUBLICOUSE O EDITO RELATIVO A CONCESION DEMANIAL DAS INSTALACIÓNS TURISTICAS E DEPORTIVAS DO COMPLEXO HOSTALEIRO E DEPORTIVO DO BEQUE. DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 20/05/2014 ATA O 23/06/2014 NON SE PRESENTOU NINGUNHA PROPOSICION

- O Sr. Alcalde da conta ao Pleno do certificado do secretario do Concello, da data 14/07/2014, que di:

“ Que no Diario Oficial de Galicia nº 94, coa data 19/05/2014, publicouse o edicto relativo á concesión demanial das instalacións turísticas e deportivas do complexo hostaleiro e deportivo do Beque do Concello de Moaña. Durante o período comprendido entre o 20/05/2014 ata o 23/06/2014 non se presentou ningunha proposición.”

- Don Jorge Santomé comenta que era excesiva a proposta e propón convocar unha reunión con todos os grupos e elaborar unha proposta nova.

- Don Xosé Manuel Millán toma a palabra, di que xa advertimos de que isto ía pasar e aínda que o concelleiro pide que todos arrimen o lombo, nós non estamos de acordo porque durante tres anos arruinaron o complexo do Beque.

Decidiron cerrar a cafetería, sacaron persoal das instalacións e transformaron o cámping en albergue que non dá servizo a ninguén. Está abandonado, dubidando se ser concesión, ben de dominio público, etc. Tres anos sen solución, sen decidir que facer, culpan a moita xente, moita publicidade pero nada de nada. Ninguén vai coller o Beque, non pode funcionar tal e como queren facer.

Era un cámping excelente con moitos visitantes, temos o deber de darlles servizo aos veciños e veciñas. Como as bandeiras azuis, flores nos farois, rúas limpas que agora non as temos. O deber de dar ese servizo para a corporación é unha carga pero en poucos meses a veciñanza lle retira esa carga nas eleccións. Se fose outro o concelleiro de deportes, dimitiría.

O BNG non vai colaborar e a partir das eleccións tomarase este asunto poñendo O Beque a andar por formula mixta, privada-pública con colaboración entre ambas. Non quere regalar O Beque co primeiro que chegue. Solicita un informe de todo o que se deteriorou no Beque estes tres anos se volve o asunto a pleno. Opina que o expediente está feito á présa, polo tanto ten que haber acordo de resolución declarándose deserto e enviando ao pleno novo expediente.

- Don Jorge Santomé di que non sabía que Millán é pitoniso que adiviña o futuro, e que lle vale todo para pactar como PODEMOS, Bildu, etc.

O persoal da cafetería do Beque despediuno o goberno anterior, pois rematouse o contrato, e non é certo que estea en malas condicións, só ten o deterioro natural do paso do tempo. Se en reunións anteriores estaban interesados, non entendo que agora leven a contraria. Cando se falou do cambio de albergue non puxeron oposicións e falouse para poder abrillo todo o ano e si hai xente interesada en collelo pero por desgraza necesítase o acordo do BNG, pero Jorge intentará levalo a bo posto e a ver se non montan o pacto con quen se xunta.

- Dona Marta Freire di que o canon é legal, para modificalo ten que emitir informe a Secretaría, aínda que quedase baleira a concesión.

Non se pode dar a alguén para que non quede vacante, hai que estudar outras alternativas diferentes. O Beque debe funcionar plenamente non só cunha persoa como agora. A xestión mixta podería ser unha solución.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que non sabe por que culpa ao BNG, di que eles non teñen alternativa e o concurso quedou baleiro porque deixaron traballar ao goberno pensando que eran capaces de levalo a termo. As desilusións do PP nos catro anos anteriores votando en contra de todos os asuntos plenarios relacionados coa piscina municipal.

Os traballadores da cafetería estábanse xestionando para que alguén se fixese cargo cunha xestión mixta antes de que entrase esta corporación.

O BNG e PSOE chegan a calquera tipo de acordo pero non co PP porque arruinan calquera forma de xestión, esperemos que nas eleccións lle darán descanso a esa xestión tipo taberna. O Beque é útil para familias e deportistas, e todo Moaña sabe que Jorge se quere ir pola xestión nefasta que fai.

➤ Don Jorge Santomé di que Millán e adiviño e que vai botar catro anos máis, non como pensa Millán.

➤ Don Xosé Manuel Millán di que será se a veciñanza quere.

➤ Don Jorge Santomé di que canto máis te metas comigo, máis ganas teño.

5º.- APROBACION, SE PROCEDE, NORMAS REGULADORAS DA ORGANIZACION DOS ACOLLEMENTOS CIVIS

➤ O Sr. Alcalde dá conta da seguinte proposta:

“O ano 2009 cúmprense os 50 anos da Declaración Universal de Dereitos da Infancia e os 20 anos da Convención de Dereitos da Infancia, ambas aprobadas pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Nestes documentos conságranse unha serie de dereitos de carácter universal, indivisible e interdependente, incumbindo a todos os poderes públicos a responsabilidade de garantilos. Pero o recoñecemento destes, así como os mecanismos que permiten a súa aplicación e protección resultan aínda insuficientes, nomeadamente no relativo aos dereitos sociais, económicos e culturais. A vida actual esixe precisar mellor certos dereitos e impón o recoñecemento doutros novos, como o respecto polo medio ambiente, a garantía dunha alimentación saudable, da tranquilidade, das posibilidades de intercambio de lecer, etc.

Neste contexto, o municipio amósase como o espazo político social máis axeitado para facer fronte ás demandas dos máis cativos, por ser a administración pública máis próxima a eles. É así como o Concello de Moaña leva xa fomentando, por todos os medios dos que dispón, o respecto da dignidade de todos os nenos e nenas e a calidade de vida dos que habitan no termo municipal, creando as condicións precisas para que poidan gozar a súa infancia.

No respecto da liberdade de elección nos ámbitos educativo, relixioso, cultural e político, o Concello vén adoptando medidas para protexer a infancia e fomentar a educación sobre as bases da democracia, tolerancia e a posibilidade de plena participación na vida municipal. En particular, vense facilitando o acceso á educación elemental dos nenos e nenas, poñendo a disposición de todos os espazos e os centros escolares, educativos e culturais

precisos, nun contexto multicultural e de cohesión social.

Por outra banda, e para facer efectivo o dereito dos nenos e nenas a residir nunha vivenda digna, segura e salubre, favorécese o acceso igual para todos os nenos e nenas á atención e prevención sanitaria, contribuíndo á promoción da súa saúde mediante accións nos sectores económico, cultural, social e urbanístico. Promóvese un ambiente san, mediante políticas de prevención da contaminación, incluíndo a contaminación acústica, de aforro de enerxía, xestión, reciclaxe, reutilización e recuperación de residuos. Igualmente, vense ampliando e protexendo os espazos verdes do termo municipal, ao tempo que se promove unha educación especificamente orientada ao respecto da natureza, en particular dirixida a infancia. Facilitase a participación activa no deporte e o acceso de todos e todas ás instalacións necesarias para a práctica deportiva.

O Concello de Moaña toma en consideración as necesidades dos nenos e nenas cando exerce as súas competencias, especialmente en materia de vivenda, educación, sanidade, control sobre produtos alimenticios, consumo, cultura, deporte, espectáculos, medios de comunicación, transportes e espazos libres no contorno urbano. En particular, aténdese á adecuada regulación e supervisión daqueles espazos, centros e servizos nos que permanecen habitualmente nenos e nenas, no que se refire ás súas condicións físico-ambientais, hixiénico-sanitarias e de recursos humanos e aos seus proxectos educativos, participación das persoas menores de idade e demais condicións que contribúen a asegurar os seus dereitos.

Os “acollementos civís” ou “actos de benvida á comunidade” dos nenos e nenas de Moaña institucionalizan o compromiso do Concello cos seus dereitos, que son símbolo do progreso da humanidade, e en particular coa Declaración Universal de Dereitos da Infancia de 1959 e coa Convención sobre os Dereitos da Infancia de 1989. Neste contexto, o acollemento civil é un acto de natureza civil e laica que ten por finalidade a presentación dos nenos e nenas á sociedade, coa pretensión de que se sintan integrados na comunidade e partícipes de dereitos, liberdades e deberes que a todos atinxen.

Con esta cerimonia preténdese iniciar os nenos e nenas do municipio no longo camiño das actitudes cívicas, que os conduzan a un porvir pacífico baseado nos valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade. Este obxectivo maniféstase no compromiso dos pais e das nais ou representantes legais, xunto cos padriños e madriñas, con estes valores, para que os cativos e cativas se convertan en cidadáns e cidadás libres e iguais en dereitos e deberes.

Artigo 1.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente documento a regulación da organización do acto social denominado “acollemento civil” ou “acto de benvida á comunidade”, en cuxa virtude o Concello fai público un recoñecemento de acollida ao neno ou nena que naceu e/ou que vive en Moaña, e se compromete, xunto coa súa familia, a velar pola súa educación e a defender e

garantir os seus dereitos.

Artigo 2.- Finalidade

O acollemento civil non produce efectos legais nin presupón privilexio ningún ou preferencia da nena ou neno acollido no acceso aos servizos municipais.

Estes actos de benvida á comunidade reafirman o compromiso do municipio por avanzar cara a unha sociedade máis libre, xusta e democrática, na que os dereitos da infancia goce dunha protección preferente.

Artigo 3.- Suxeitos

Este acto social está dirixido aos nenos e ás nenas do Concello de Moaña.

Artigo 4.- Requisitos

- a. Estar empadroado no Concello de Moaña.*
- b. Non ter unha idade superior a dous (02) anos.*
- c. Consentimento das e dos representantes legais da persoa menor.*

Artigo 5.- Procedemento

Presentación dunha solicitude na Oficina de Atención á Cidadanía do Concello solicitando a participación no acto social asinada por quen é representante legal da persoa menor, achegando una fotocopia dos documentos nacionais de identidade e do libro de familia/documento acreditativo da dita representación legal. A acreditación dos datos padroais farano de oficio os servizos municipais.

Se a solicitude non reunise todos os requisitos, a Oficina de Atención á Cidadanía comunicará ás persoas interesadas que non procede a súa tramitación. De estar completa tramitarase a petición, comunicándose no prazo dun mes á persoa solicitante o día e lugar de celebración do acto.

As nais e os pais poderán designar dúas persoas como máximo que actuarán como madriñas e padriños na cerimonia, asumindo os mesmos compromisos que aqueles en canto á formación do neno ou nena nos principios e valores democráticos, e debendo velar polo respecto dos seus dereitos.

Artigo 6.- Celebracións

No acto de celebración, que terá lugar na Casa do Concello e será presidido polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, procederase á lectura ao neno ou nena e aos seus representantes legais e padriños e madriñas da Declaración dos Dereitos da Infancia proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 1386 (XIV), do 20 de novembro de 1959.

As e os representantes legais ou padriños e madriñas formularán o compromiso de educalo/a segundo os principios que se recollen neste texto e nas demais normas vixentes no

estado español.

Os actos poderán ser individuais ou colectivos, podendo asistir os familiares e amizades do neno ou nena, coas únicas limitacións o aforo da sala ou espazo no que se realice a cerimonia.

O/a presidente/a redactará a acta, que será asinada polas e polos representantes legais do neno ou nena e, se é o caso, polos padriños e madriñas.

Disposición derradeira

Esta normativa entrará en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 en relación co 70.2 ambos os dous da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

- Dona Marta Freire toma a palabra e di que celebra que cada vez máis nais e pais queiran o acollemento na vía civil dos fillos e defende que sexa xeneralizado en toda España para que a vía civil sexa alternativa á relixiosa xa que este é un estado aconfesional.
- Dona Susana Varela celebra esta opción sen ser oposta ao bautismo relixioso, simplemente é unha celebración de benvinda aos acabados de nacer. Apoian a ordenanza.
- Don Xosé Manuel Millán indica que o BNG prefire darlles a benvinda na casa ou hospital pero non está de acordo de que sexa só ata os dous anos, xa que un adulto pode cambiar de opinión e optar por esta vía ou cun estranxeiro maior de idade.

Sometido a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, a ordenanza reguladora da organización dos acollementos civís, e que se procedas a súa tramitación.

6ª.- MOCION DO GRUPO BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA

- Dona María Martínez da conta: O grupo municipal do BNG trae hoxe unha moción para solicitar ao pleno da corporación a condena ao ataque de Israel contra a franxa de Gaza. O pobo palestino está a sufrir un novo ataque por parte do estado de Israel dende hai vinte días. Dende entón, morreron máis de mil palestinos e seis mil están feridos de gravidade. Ademais, douscentos mil superviventes foron obrigados a fuxir das súas vivendas, que foron destruídas e a refuxiarse onde poden, dentro duns muros que os pechan a cal e canto.

Esta situación dáse despois de que a poboación leve sufrindo oito anos de bloqueo israelí, cun acceso moi limitado ao alimento, auga potable, electricidade e demais recursos. Polo que catro de cada cinco habitantes de Gaza, máis da metade nenos, viven baixo o limiar da pobreza. Os palestinos viven amoreados e castigados por Israel, que constrúe muros e controla que e quen accede á franxa.

Todo comezou coa decisión de Europa de promover a masiva emigración de xudeus a Palestina e en 1948 a ONU deulles o 54% do territorio. Dende entón as forzas armadas israelís van ocupando cada vez máis territorio palestino, tendo a intención de chegar ao 100%.

Israel incumpre sistematicamente resolucións da ONU que dan o dereito aos palestinos refuxiados a volver aos seus fogares, dos que foron expulsados. Ante isto, os EEUU e a UE límitanse a condenar sen actuar e manteñen a Israel como socio preferente, vendéndolle armas

e brindándolle apoio diplomático.

Por todo isto, presentamos a moción que paso a ler:

Seguidamente dá conta da moción:

“Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita á masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa rabia e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpre impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español da UE porque esta é a hora de expresar a máis enerxética condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra a poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. O Concello de Moaña condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.*
- 2. O Concello de Moaña solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.*
- 3. O Concello de Moaña apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respecte os dereitos do pobo palestino.*
- 4. O Concello de Moaña solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.*
- 5. O Concello de Moaña apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral,*

- para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.*
6. *Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno español e á Embaixada de Israel de Madrid para que obren en consecuencia.*

Moaña, 27 de xullo de 2014”

➤ Dona Susana Varela indica que apoia a moción polas vítimas, e agora moitas máis, demasiadas mortes, pide engadir a esta moción o texto seguinte, que si é aceptada por todos os grupos.

Presenta a seguinte emenda:

- *Condenamos a inxustificada perda de vidas humanas que se está producindo en Gaza e a nosa condena é tanto para a operación militar que está levando a cabo Israel onde está asasinando sen xustificación ningunha a civís indefensos, como para o lanzamento de foguetes (por parte presumiblemente de Hamás) contra áreas densamente poboadas de Israel, na que tamén se produciu a morte de civís. A nosa condena e rexeitamento é para todas as mortes, e fundamentalmente para as de civís indefensos, con independencia de que sexan israelís ou palestinos.*
- *Tanto Israel como Hamás deben poñer fin ao sufrimento da poboación e deter os seus ataques, o que tamén permitiría un acceso humanitario seguro para unha urxente asistencia.*
- *Nós compartimos o chamamento que o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, García Margallo, fixo para buscar unha solución de fondo no conflito de Gaza, mostrándose partidario de que o conflito “debe ser resolto por unha conferencia internacional”, que apoiada por EEUU, estea protagonizada pola Unión Europea e Liga Árabe “para establecer un plan que faga suficientemente atractiva a solución dos dous estados”.*

Sometido a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación.

7º.- MOCION DO GRUPO DO PSDG-PSOE SOBRE O SAHARA

➤ Dolores Miranda dá conta: Causa saharauí: A República Árabe Saharauí Democrática (RADS) é unha nación sen estado formada pola antiga provincia española do Sahara Español.

Declarou a súa independencia en 1976 e actualmente é recoñecida por máis de 80 estados do mundo.

Agora máis ca nunca debemos reafirmar a nosa solidariedade co pobo saharauí e seguir loitando pola descolonización do Sahara Occidental contra a violación sistemática dos Dereitos Humanos por parte de Marrocos nos territorios ocupados, e axudando e cooperando, a pesar da crise que padecemos, para que poidan seguir resistindo e loitando con dignidade.

Non podemos aceptar que as relacións con Marrocos sexan usadas como pretexto para encubrir e silenciar unha situación de inxustiza, de ocupación pola forza, de intransixencia e impiedade por parte de Marrocos, que incumpre sistematicamente as normas básicas do Dereito Internacional e segue masacrando e aniquilando o pobo Saharauí.

A xustiza da nosa causa, a vontade, unidade e determinación do Pobo Saharauí, xunto coa

nosa solidariedade, fará posible que un día, máis cedo que tarde, chegue a liberdade e independencia ao Sahara Occidental.

Mentres o pobo saharauí siga sufrindo, nosoutros/as, miles de persoas solidarias e conscientes da nosa responsabilidade, seguiremos loitando xunto a este pobo irmán.

A continuación le a moción.

“MOCION SOBRE O SAHARA OCCIDENTAL QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DO CONCELLO DE MOAÑA PARA A SÚA APROBACION NO PLENO DE XULLO DE 2014

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Misión de Nacións Unidas para o referendo no Sahara Occidental (MINURSO) é a misión de pacificación das Nacións Unidas, establecida mediante a Resolución 690 (1991) do Consello de Seguridade do 29 de abril de 1991, de acordo coas propostas de arranxo, tal como aceptaron o 30 de agosto de 1988 Marrocos e a Fronte Popular para a Liberación de Saguía o-Hamra e de Río de Ouro (Fronte Polisario), para observar o alto ao fogo e organizar un referendo entre o pobo saharauí que determinase o futuro status do territorio do Sahara Occidental a través do Dereito de Autodeterminación.

Segundo o plan de arranxo, o referendo do Sahara Occidental debería haberse celebrado en xaneiro de 1992, sendo un dos mandatos orixinais da MINURSO identificar e rexistrar ás persoas con dereito a voto; con todo non foi posible proceder de acordo co calendario orixinal, debido ás continuas trabas impostas por Marrocos, polo que o censo tardou máis de 8 anos en completarse e, cando a ONU publicouno no ano 2000, Marrocos negouse a aceptalo.

Ademais, desde a firma do alto ao fogo en 1991, Marrocos incentivou a moitos dos seus cidadáns a mudarse ao Sahara Occidental, incrementando así as súas opcións de éxito nunha posible votación.

Hoxe, máis de 20 anos despois, o referendo aínda non se celebrou.

Ningún país do mundo recoñece o Sahara Occidental como parte de Marrocos, pero os intereses dos seus aliados fan que Marrocos non senta ningunha urxencia por atopar unha solución.

A ONU considera o Sahara Occidental como o maior territorio do planeta que aínda non foi descolonizado.

A MINURSO segue levando a cabo as seguintes tarefas:

- Supervisar a cesación do fogo.*
- Reducir a ameaza das minas e as municións sen detonar.*
- Apoiar as medidas de fomento da confianza.*

Con todo, na actualidade, a Misión das Nacións Unidas para o Referendo do Sahara Occidental, é a única misión de mantemento da paz que non incluíu no seu mandato o seguimento e información das violacións dos dereitos humanos.

A metade do pobo saharauí vive desde fai décadas en campos de refuxiados construídos en metade do deserto e a outra metade dos saharauís seguen no seu territorio orixinal pero viven

baixo ocupación marroquí.

Marrocos, que violou a legalidade internacional ocupando ilegalmente o Sahara Occidental, continua perpetuando e violando de forma grave e persistente os dereitos humanos de cidadáns saharauís en presenza da ONU, responsable do proceso de descolonización da última colonia africana.

Diferentes institucións europeas, parlamentos nacionais e o propio Parlamento Europeo viñeron sistematicamente denunciando estas violacións e esixindo que a Misión das Nacións Unidas despregada na zona (MINURSO), supervise e vele o respecto polos dereitos humanos do pobo saharauí.

Así, o 7 de febreiro de 2013, o Parlamento Europeo aprobou o seu mandato para a XXII sesión do Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas celebrado en Xenebra do 25 de febreiro ao 22 de marzo onde se solicitaba, ademais dunha solución xusta e duradeira ao conflito mediante o exercicio dun referendo de autodeterminación e a liberdade de todos os presos políticos saharauís.

A resolución do Parlamento Europeo, de 7 de febreiro de 2013, sobre o 22º período de sesións do Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas (2013/2533(RSP)) manifesta a súa preocupación polo feito de que sigan violándose os dereitos humanos no Sahara Occidental; pide que se protexan os dereitos fundamentais do pobo do Sahara Occidental, incluídos a liberdade de asociación, a liberdade de expresión e o dereito de manifestación; esixe a liberación de todos os presos políticos saharauís; saúda o nomeamento dun enviado especial para o Sahel e destaca a necesidade dun seguimento internacional da situación dos dereitos humanos no Sahara Occidental; e apoia unha solución xusta e duradeira do conflito baseada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de conformidade coas resolucións das Nacións Unidas.

Do mesmo xeito, para a renovación do mandato da MINURSO en 2013, Estados Unidos propuxo un texto de prórroga que suscitaba a inclusión da vixilancia de liberdades e dereitos dentro das responsabilidades establecidas en 1991 para manter un alto ao fogo na zona e organizar un referendo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSOE no Concello de Moaña, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte:

MOCIÓN

O Pleno do Concello, na sesión de xullo de 2014

ACORDA

1.-
Solicitar ao Consello de Seguridade da ONU, a ampliación do mandato da MINURSO, incluíndo a supervisión e vixilancia na zona para evitar as graves violacións de dereitos humanos no Sahara Occidental.

2.-
Subscribir o mandato do Parlamento Europeo á XXII sesión do Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas e esixir ao reino de Marrocos a liberdade de todos os presos políticos saharauís, incluído o Grupo de 24 presos de Gdeim Izik, condenados por un tribunal militar marroquí, así como pedir a protección dos dereitos fundamentais do pobo saharauí, destacar a necesidade dun mecanismo internacional de seguimento dos dereitos humanos do Sahara.

3.-
Apoiar unha solución do conflito baseada no exercicio do dereito á autodeterminación do pobo saharauí, como establecen numerosas resolucións das Nacións Unidas.

4.-
Enviar o presente acordo ao ministro de Asuntos Exteriores, embaixador de Marrocos en Madrid, ao presidente do Congreso de Deputados, ao presidente do Senado, presidente do Parlamento Europeo e á Alta Representante da Unión Europea para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

5.-
Esiximos do Goberno de España accións que poñan fin ao drama humano que viven os saharauís e poder completar o proceso de descolonización nun referendo de autodeterminación.”

➤ Dona Rosa Solla toma a palabra e di estar a favor da moción. Todos temos dereito a autodeterminación e os Saharauís levan xa moitos anos perdendo.

➤ Don Xosé Manuel Millán di que ao goberno e a monarquía española tildaas de hipocrisía, critica a monarquía xa que a súa primeira visita foi a Roma, a segunda a Marrocos (cariño fraternal). Carlos I regalou a Marrocos un país, unha vergoña para España e vitoria para Marrocos.

Marrocos é socio protector da UE para mandar produtos, e socio preferente de España, financia as medidas inmigratorias de Marrocos, apoiado por todos os gobernos da ONU. Sahara debe ser libre se UE e España queren. Apoian a moción pero denuncian o cinismo e hipocrisía social, e en trinta ou corenta anos desaparecerá o problema palestino, pero este persistirá.

Sometido a votación, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación.

8º.- MOCION DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA E PERSOAL

➤ Intervén don Xosé Manuel Millán e comeza dicindo que Rosa Solla prometera que ia facer o que non se fixera ata agora por ser máis lista ca ninguén. Prometendo un catalogo de postos de traballo, mellorar a economía do Concello, mellorar a situación dos traballadores, e en oito meses todo segue igual ou peor, ou polo menos non informa do que fai. Falou de poñer o Rexistro o xoves de tarde para cumprir as 37,30 horas de traballo, que non se chegou a facer. Nas comisións de Facenda desprézanos e nin sequera nos fala (eu a iso non te vou contestar, iso é secreto, iso contéstochos fóra, que te conteste o asesor). Iso é unha tomadura de pelo. Enlébase coas reunións do Patronato, levando dous meses sen reunirse para non someterse ao regulamento do goberno municipal que é inestable e volátil.

A continuación dá conta da moción:

“MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA E PERSOAL.

A nula actividade nas áreas de Facenda e Persoal levou ao BNG a solicitar a comparecencia ante o pleno do anterior delegado, comparecencia que finalmente non chegou a producirse pola sorprendente dimisión do concelleiro.

Pasados xa oito meses desde a asunción desas responsabilidades pola actual delegada, Rosa Solla Veiga, comprobamos que a situación non mellorou, ben ao contrario empeorou e os feitos que nos levaron a denunciar a incompetencia e falta de iniciativas na xestión da área aínda se incrementaron:

- a) O goberno municipal segue sen presentar ao Pleno os primeiros orzamentos do seu mandato, limitándose a xestionar os que aprobamos para 2011 os grupos actualmente na oposición que o actual alcalde, con toda desvergonza, chegou a romper en anacos diante da corporación, nun xesto teatral dos que tanto lle gustan.*
- b) Os informes trimestrais enviados ao Pleno pola Intervención municipal denuncian unha e outra vez o incumprimento das medidas de axuste que o propio goberno propuxo e aprobou para acollerse ás axudas financeiras decretadas por Rajoy.*
- c) A oferta de emprego público do ano 2008, que inclúe a contratación de seis traballadores, e tres de persoal de servizos, administración e policía, segue aparcada, sen que os responsables desen a mínima explicación sobre as causas.*
- d) As condicións laborais no Concello de Moaña seguen deteriorándose, ao substituír de forma sistemática traballadores fixos por contratos subvencionados con salarios que en moitos casos non chegan aos 500 euros mensuais.*
- e) Como consecuencia desta política de persoal os servizos están totalmente desatendidos, o traballo de xestión practicamente paralizado e os usuarios das instalacións municipais queixándose continuamente da súa falta de limpeza e deterioro. Iso si, tanto o alcalde como a responsable, con tal de non meterse en leas permiten que todo siga igual, que cada vez se faga menos pero que todos vivan contentos e felices.*
- f) A revisión do Catálogo de Postos de traballo anunciada a bombo e platillo pola Concelleira nada máis tomar a posesión quedou en nada, limitándose a responsable a tomarlle o pelo ao Comité de Persoal coa burla de que “ese é un traballo para varios anos”. Ou varias décadas, opinamos nós.*
- g) E no medio de tanto despropósito, alcalde e concelleira promoven incluso a presentación dunha denuncia por vía penal contra unha traballadora, a fin de resolver un problema económico-laboral, sen pararse a pensar na gravidade do feito, desde o punto de vista persoal para a traballadora, e desde o punto de vista colectivo polo ataque ás liberdades laborais e sindicatos dos traballadores.*
- h) De forma sistemática, tanto a concelleira-delegada como o alcalde eluden comisión tras comisión informar aos grupos políticos sobre as actividades nas áreas de persoal e facenda, chegando ao cinismo de afirmar que “yo a eso no te voy a contestar” ou remitíndonos ao secretario, á intervención ou ao asesor xurídico, como se eles fosen os auténticos responsables políticos do Concello e os culpables da situación que padecemos.*

Nestas circunstancias e a fin de poder realizar un debate a fondo sobre a xestión nas áreas de Facenda e Persoal e o actual estado das actuacións sinaladas, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Requirir a comparecencia da concelleira delegada de Facenda e Persoal, Rosa Solla Veiga, no próximo pleno ordinario da Corporación para dar conta das actividades emprendidas ou

proxectadas no ámbito das súas delegacións.

Moaña, 27 de xullo de 2014”

Sometido a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación.

9º.- RENUNCIA DA CONCELEIRA MARIA DEL CARMEN MAYA SANTOME

➤ O Sr. Alcalde le o escrito de cesamento presentado pola concelleira Sra. Maya, que di:

“MARIA DEL CARMEN MAYA SANTOME, con NIF 78.737.046-L concejal de la Corporación de Moaña, electo por la lista del grupo popular, en las elecciones municipales del 22 de Mayo de 2011, ante la Corporación Municipal de Moaña

EXPONE

Que por motivos laborales los cuales me impiden asistir a comisiones y plenos y me imposibilitan atender las obligaciones propias del cargo de Concejales con la dedicación que tal responsabilidad comporta, me veo en la obligación de presentar mi renuncia al cargo de Concejales, lo que comunico a la Corporación Municipal de Moaña con el fin de que se proceda a la sustitución mediante el candidato siguiente en la lista por la que fui elegido. Aprovecho estas líneas para expresar a todos los funcionarios y personal laboral del Ayuntamiento, mi agradecimiento por el trato que me han dispensado. Quisiera también agradecer a la ciudadanía de Moaña la magnífica oportunidad que me han brindado de vivir una experiencia tan enriquecedora y apasionante como la que he vivido estos años como representante del pueblo, intentando aportar mi humilde granito de arena al servicio de los moañeses.

Moaña, 28 de julio de 2014”

➤ Dona Mayka Maya toma a palabra e dá as grazas por aceptar o cambio de día de pleno para poder despedirse que son por motivos laborais, sabe que se usará a súa marcha para facer dano, pero o traballo feito está aí. E prefire a crítica a non atender o posto malamente. Dá as grazas e agradece os momentos vividos, agradece o traballo da oposición.

➤ Dona Susana Varela agradece o labor de Mayka Maya e deséxalle sorte.

➤ Don Xosé Manuel Millán agradece invitacións á festa e recrimina que sexan bordes, comenta que leva contenta varios meses porque dimite. Recoñece que foi elegancia e saber estar como ninguén do seu grupo, sinceridade, desempeñou o cargo con maior dignidade do seu grupo e non é boa noticia que se vaia, as razóns que dá teñen sentido e non os disparates que se teñen escoitado aquí dos concelleiros de Santiago e Moaña do PP, que por estraño que pareza vanse todos antes, pero este caso está xustificado. Son implacables os dezasete concelleiros do PP que pasaron por Moaña, “ironía” que non é neste caso. Agora entendo a lista de vinte e sete candidatos presentados a principio da lexislatura.

➤ Dona Marta Freire agradece o cambio do día do Pleno para poder estar na renuncia. Dá os parabéns por atopar traballo e felicítala no ámbito persoal, familiar e laboral. Sometido a votación, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros presentes que

compoñen a Corporación.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Neste punto, a concelleira Susana Varela abandona o salón de plenos (9:45), e o Sr. Millán pide estar cinco minutos máis e que non abandone o salón. Tamén pide ao Sr. Alcalde que poña o aire acondicionado na sala.

➤ Dona Coral Ríos protesta polo mal uso que se está a levar no salón de plenos. Non hai un protocolo de hora nin datas. Hoxe aquí coincidiron os organizadores da Festa do Mexillón e os rapaces convocados pola Escola Taller. Tamén estivo convocada unha reunión dunha academia privada denominada Suelen e quería preguntar quen foi o responsable de concederlle o salón de plenos.

➤ O Sr. Alcalde xustifica a mala xestión de horarios para o uso do salón e descoñece quen deu permiso a esa academia porque non tiña autorización.

➤ Don Odilo Barreiro pregunta por que a concelleira de Ensino non convoca reunións do Consello Escolar e os comedores escolares aínda segue sen solucionarse.

➤ O Sr. Alcalde di que a concelleira marca as prioridades. Di que dende o 2007 non se convocan, non entende agora a présa.

➤ Dona Beatriz Riobó di que se perderon as bandeiras azuis, que se pensa facer en canto á seguridade nas praias, como está o tema dos socorristas, cantos son. Di tamén que a Xunqueira é a máis necesaria de socorristas.

➤ O Sr. Alcalde lamenta o tema das bandeiras azuis, os socorristas xa están traballando nas praias do Con e da Borna.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 22:00 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Manuel Eugenio Costa Diz

